

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, O CONCELLO DE BURELA E RENFE VIAXEIROS SOCIEDADE MERCANTIL ESTATAL, S. A., PARA A UTILIZACIÓN DA ESTACIÓN CONXUNTA DE FERROCARRIL E AUTOBUSES DE BURELA.

1. ANTECEDENTES

Con data **29 de novembro de 1989**, foi subscrito un Convenio de colaboración entre a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, o Concello de Cervo (agora Concello de Burela) e Feve, para a utilización e explotación da estación conxunta de ferrocarril e autobuses de Burela.

O día 31 de xaneiro de 1990, asinouuse un Protocolo polo que se desenvolve o establecido no dito Convenio.

O 19 de abril de 1995, publicouse no Boletín Oficial do Estado o Decreto 368/1994, do 15 de decembro, con entrada en vigor o día 1 de xaneiro de 1995, polo que se aproba a segregación de parte do termo municipal de Cervo (provincia de Lugo), para a súa posterior constitución nun novo e independente municipio, chamado **Burela**.

O Real Decreto-Lei 22/2012, do 20 de xullo, relativo a medidas para a racionalización e reestruturación do sector ferroviario, contempla no seu artigo 2, que a entidade pública empresarial Ferrocarrís Españóis de Vía Estreita (FEVE) queda extinguida o día 31 de decembro de 2012, subrogándose as entidades públicas empresariais Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e RENFE-Operadora nos dereitos e obrigacións daquela, asumindo a titularidade dos bens que na data de entrada en vigor da citada disposición, atópanse adscritos ou pertencen a FEVE.

Así mesmo, o referido Real Decreto-Lei, estableceu no seu artigo 1 que RENFE-Operadora debía proceder a súa reestruturación mediante a creación de catro sociedades mercantís das previstas no artigo 166.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas. Mediante segregación parcial, RENFE-Operadora traspasou a unidade de transporte ferroviario de viaxeiros, que constitúe unha rama de actividade á entidade **Renfe Viaxeiros S.A.** (actualmente Renfe Viaxeiros Sociedade Mercantil Estatal, S.A.), sociedade de nova creación integramente participada por RENFE-Operadora, que adquire por sucesión universal todos os dereitos e obrigacións integrados nesta rama de actividade.

Renfe Viaxeiros, xestiona a Estación de ferrocarril de Burela, en virtude do Convenio con data do 7 de setembro de 2011 subscrito entre o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e RENFE-Operadora, publicado no BOE con data do 27 de outubro de 2011, en base ao cal ten encomendada RENFE-Operadora a través da empresa do GRUPO RENFE-Operadora Renfe Viaxeiros a xestión integral e administración das estacións de proximidade.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade co previsto no Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten entre as súas competencias e funcións a de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte. En concreto, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, o estudo, análise e implantación de plans e proxectos de fomento do transporte



público e a mobilidade sostible, así como a planificación, coordinación e execución da oferta intermodal de transporte na comunidade autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as.

A **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** xestiona en réxime de concesión a explotación da xestión do servizo público da **estación de autobuses de Burela**.

Tras a entrada en vigor da **Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público**, é preciso **realizar unha renovación do Convenio** asinado con data 29 de novembro de 1989 entre a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, o Concello de Cervo (agora Concello de Burela) e Feve, para adaptalo á nova normativa e dar continuidade á finalidade que se persegue.

As tres partes están de acordo en **seguir mantendo a utilización da estación conxunta de ferrocarril e autobuses de Burela**

2. RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E XUSTIFICACIÓN DA NON CONCORRENCIA

Considérase xustificada a vontade das dúas entidades de facilitar a coordinación para promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, a través de medidas e actuacións destinadas a alcanzar a intermodalidade entre o transporte público de viaxeiros en autobús e o transporte público de viaxeiros en ferrocarril, facilitando desta maneira os desprazamentos entre a orixe e o destino final do usuario, con maior rapidez, eficiencia e menor custo.

3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.

O obxecto do convenio a regulación da utilización e explotación, así como a xestión e administración do edificio destinado a estación conxunta de ferrocarrís e autobuses de Burela e a distribución entre as partes dos custos que se deriven da utilización e explotación da citada estación.

4. COMPROMISOS DAS PARTES

Corresponde á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a aprobación do Regulamento polo que se rexa a explotación das instalacións adscritas ao servizo público de transporte de viaxeiros por estrada; así como a explotación da estación de autobuses mediante concesión licitada en concurso público.

Anualmente elaborárase pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade un orzamento anual de ingresos e gastos para a súa aprobación polas partes intervinientes. , A Consellería poderá impor esta obrigación á empresa ou empresas que resulten adxudicatarias das concesións administrativas que realice.



Conceptuaranse como **ingresos** ademais das cantidades obtidas da **explotación dos espazos que compoñen as zonas comúns**, as cantidades económicas derivadas dos compromisos asumidos por cada unha das partes na Estipulación Sexta do convenio.

Conceptuaranse como **gastos** os derivados da xestión, mantemento, limpeza, vixilancia tanto presencial como a través de medios tecnolóxicos, subministracións e consumos dos espazos que compoñen as zonas comúns, o importe das primas das pólizas de seguro que se concerten, o canon concesional, taxas e impostos de actividade que viren **sobre as citadas zonas comúns**, así como aqueles outros de carácter extraordinario que sexan aprobados en cada caso nos respectivos orzamentos e, en xeral, todos os custos que soporten as instalacións xestionadas.

A Estipulación Sexta do Convenio, regula o pago dos importes do seguinte xeito:


- Na concesión administrativa para a explotación do servizo público de autobuses que, no seu caso, efectúe a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade poderá incluírse a explotación das zonas comerciais existentes no interior do edificio da estación conxunta, con destino aos correspondentes servizos accesorios dos servizos públicos de transporte de viaxeiros por estrada e por ferrocarril.
- Os gastos de limpeza e mantemento das zonas de utilización conxunta, tanto no interior do edificio da Estación, como nas plataformas cubertas e marquesiña a que se refire a Estipulación Segunda do Convenio, quedarán a cargo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, podendo impor a Consellería esta obrigación á empresa ou empresas que resulten adxudicatarias das concesións administrativas que realice.
- Será de cargo do Concello de Burela os gastos de limpeza e mantemento das zonas de circulación e aparcadoiro.
- Renfe Viaxeiros asumirá o 50% do importe do consumo de enerxía eléctrica da parte común da estación conxunta de ferrocarril e autobuses de Burela, e o 50% do importe correspondente ao consumo de auga e Taxa de Lixos da citada estación, sendo o 50% restante en concepto de consumo de enerxía e o 50% do consumo da auga e Taxa de Lixos a cargo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, podendo impor a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade esta obrigación á empresa ou empresas que resulten adxudicatarias das concesións administrativas que realice.

En aras a compensar os gastos xa satisfeitos pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade polos conceptos sinalados nesta letra, Renfe Viaxeiros procederá, en función das porcentaxes expresamente previstas nesta letra, ao aboamento dos importes correspondentes ao gasto realizado en enerxía eléctrica e taxas de lixo desde maio de 2021, en concepto de compensación.

- Renfe Viaxeiros e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade están exentos do pago do imposto sobre bens inmobles.

As zonas comúns son as correspondentes a zona de espera (vestíbulo) e baños e que aparecen sombreadas en cor malva na seguinte imaxe:





O convenio, segundo a súa cláusula novena, ten unha **vixencia de 4 anos**.

Este convenio ten natureza xurídica administrativa, sendo de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra

